

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 9 febreiro 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

ILUMINACIÓN

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

María Hinojosa Montenegro, soprano



PROGRAMA

BENJAMIN BRITTEN (1913-1976)

Les Illuminations op. 18

Fanfare: Maestoso (poco presto)

Villes: Allegro energico

Phrase: Lento ed estatico

Antique: Allegretto; un poco mosso

Royauté: Allegro maestoso

Marine: Allegro con brio

Interlude: Moderato ma comodo

Being Beauteous: Lento ma comodo

Parade: Alla marcia

Départ: Largo mesto

GUSTAV MAHLER (1860-1911)

Sinfonía núm. 4 en Sol maior

Bedächtig; nicht eilen


In gemächlicher Bewegung; ohne Hast

Ruhevoll

Sehr behaglich

Duración aproximada do concerto: 100 minutos (con pausa)

Prezámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Directora

Joana Carneiro

Soprano

María Hinojosa Montenegro

VIOLÍNS I

James Dahlgren (concertino)
Adriana Winkler (axuda de concertino)
Anca Smeu **
Michal Ryczel
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Claudio Guridi
Anna Alexandrova
Victoria Jurov
Celia Montañez ***
Ana Lasiosa ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Enrique Roca
Samira Ajkic
Kiyoko Ohashi
Irina Gruia
Helena Sengelow
Gyula Vadaszi
Daniel Rodríguez ***
Ramón Rodríguez-Peña ***
Juan Pablo Calderón ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **

Ionela Ciobotaru
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Iriana Fernández
Fernando Fresno ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Carlos García **
Manuel Lorenzo
Millán Abeledo
Thomas Piel
Iryna Morozova ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador del Pozo
Pablo Rincón ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Carmen Ferreiro (R)
Laura Lorenzo (R)
Carlos Cascales ***

ÓBOES

Esther Viúdez *
Avelino Ferreira (R)
Rosalba Olivares ***

CLARINETES

Vicente López *
Bernardino Assunção (R)
Miguel Peñarroja ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Belén Carril ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Alfredo Varela *
Joan García ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llätser **
Carlos López ***

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Darío González (R)
Juan A. Vázquez (R)
Marta Prado (R)
Gonzalo Otero ***

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

JOANA CARNEIRO DIRECTORA

A aclamada directora portuguesa Joana Carneiro é a principal directora convidada da Real Filharmonía de Galicia. É ademais a directora titular da Orquestra Sinfónica Portuguesa no Teatro São Carlos de Lisboa e directora artística do Estágio Gulbenkian para Orquestra desde 2013. De 2009 a 2018 foi directora musical da Sinfónica de Berkeley, sucedendo a Kent Nagano como a terceira directora musical nos 40 anos de historia da formación. De 2006 a 2018 foi directora convidada da Orquestra Gulbenkian.

Compromisos recentes e futuros inclúen actuacións coa Sinfónica da BBC, Philharmonia, Sinfónica de Gotemburgo, Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Real Filharmónica de Estocolmo (a quen dirixiu na cerimonia do Premio Nobel en 2017), Sinfónica da Radio Sueca, Orquestra de Cámara Escocesa, Orquestra do Centro Nacional das Artes de Ottawa e a Sinfónica Escocesa da BBC.

Ten dirixido a Real Filharmónica de Liverpool, Royal Philharmonic Orchestra, Filharmónica de Radio Francia, Ensemble Orchestral de París, Orquestra de Bretaña, Sinfónica de Norrköping, Orquestra de Norrlands, Orquestra da Residencia da Haia,

Filharmónica de Praga, Sinfónica de Malmö, Orquestra Nacional de España e a Sinfónica do Teatro La Fenice na Bienal de Venecia; así como a Filharmónica de Hong Kong, Orquestra de Cámara de Macao e a Orquestra de Beijing no Festival Internacional de Música de Macao. En América dirixiu a Filharmónica de Los Ángeles, Sinfónica de Toronto, Orquestra de Cámara de St. Paul, Sinfónica de Detroit, Sinfónica de Colorado, Sinfónica de Indianápolis, Orquestra de Cámara de Los Ángeles, Sinfónica del Nuevo Mundo e a Sinfónica do Estado de São Paulo.


En ópera, proxectos recentes inclúen *Nixon en China* (Ópera Escocesa, produción nomeada aos Premios da Royal Philharmonic Society), *Castelo de Barba Azul / Voix Humaine, Rake's Progress* (Teatro Nacional de São Carlos, Lisboa), *Carmen* (Real Ópera de Estocolmo), *Wonderful Town* (Real Ópera Danesa), *O evanxeo segundo a outra María* (Ópera Nacional Inglesa, estrea mundial da produción escénica de Peter Sellars), *A paixón de Simón* (Festival Ojai), *Edipo Rei* (Sidney, Premio Helpmann de Australia ao Mellor Concerto da Orquestra Sinfónica) e *A Flowering Tree* (Viena, París, Chicago, Cincinnati, Gotemburgo, Lisboa).

En 2010 dirixiu postas en escena de Peter Sellars de *Edipo Rei* e a *Sinfonía dos Salmos de Stravinski* no Festival de Sidney, que gañou o Premio Helpmann de Australia ao Mellor Concerto de Orquestra Sinfónica. Dirixiu un proxecto vencellado ao Festival de Nova Zelandia en 2011 e, como resultado, foi convidada a traballar coas Orquestras Sinfónicas de Sidney e Nova Zelandia.

En 2002 foi finalista do prestixioso concurso de directores Maazel-Vilar no Carnegie Hall. En 2003-2004 traballou cos mestres Kurt Masur e Christoph von Dohnanyi e dirixiu a Filharmónica de Londres como un dos tres directores elixidos para a Academia Internacional de Directores da Fundación Cultural Allianz de Londres. De 2002 a 2005 foi Directora Asistente da Orquestra de Cámara de Los Ángeles e Directora Musical da Orquestra da Fundación Xoves Músicos de Los Ángeles. De 2005 a 2008 foi membro da American Symphony Orchestra League na Filharmónica de Los Ángeles, onde traballou con Esa-Pekka Salonen e dirixiu varias actuacións no Walt Disney Concert Hall e no Hollywood Bowl.

Natural de Lisboa, comezou a súa formación musical como viola antes de recibir o seu título de directora da Academia Nacional Superior de Orquestra en Lisboa, onde estudou con Jean-Marc Burfin. Recibiu o seu mestrado en dirección de orquestra da Northwestern University como alumna de Victor Yampolsky e Mallory Thompson. Realizou estudos de doutoramento na Universidade de Michigan, onde se formou con Kenneth Kiesler. Ten participado en clases maxistras con Gustav Meier, Michael Tilson Thomas, Larry Rachleff, Jean Sebastian Bereau, Roberto Benzi e Pascal Rophe.

En 2010 recibiu o Premio Helen M. Thompson, outorgado pola League of American Orchestras e que recoñece a prometedores directores. En 2004 foi condecorada polo presidente da República Portuguesa coa Encomenda da Orde do Infante Don Henrique.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

MARÍA HINOJOSA MONTENEGRO SOPRANO

María Hinojosa Montenegro consolidouse coma un dos talentos líricos máis destacados dos últimos anos a xulgar pola intensa actividade nos principais festivais e salas de Europa e América interpretando destacados roles do repertorio barroco, clásico e contemporáneo.

Iniciou os seus estudos de canto no seu Sabadell natal con M^a Teresa Boix e licenciouse en canto e Lied na Escola Superior de Música de Catalunya coa máxima cualificación, recibindo un Premio de Honra polo seu proxecto fin de carreira; en 2021 obtén un Máster en Investigación Musical pola Universidade Internacional de Valencia. En 2007 destaca a súa actuación en *El Dúo de La Africana*, dirixida por Xavier Alberti, na tempada do Teatre Lliure de Barcelona, pola cal é nomeada ao premio de Mellor Actriz Musical e resulta gañadora do da crítica nos Premios Butaca do mesmo ano. Así mesmo en 2011 tamén ve recoñecido o seu traballo na *Carta Branca a Lluïsa Cunillé*, sendo de novo nomeada aos Premios Butaca na categoría de Mellor Actriz Musical.

Cantou en moitos dos máis prestixiosos teatros e salas de concerto do mundo como Musikverein

e Theater an der Wien, Arena de Verona, Teatro Colón de Bos Aires, Ópera de Philadelphia, Teatre do Liceu, Auditori e Palau da Música de Barcelona; Palau da Música e Palau de les Arts de Valencia; Salle Gaveau e Auditorium da Maison da Radio de París; Teatro Real, Teatro da Zarzuela e Auditorio Nacional de Madrid; Festival de Granada e nas Óperas de Lausanne, Montpellier, Vichy e Francfort. Colabora con importantes grupos de música antiga e orquestras dirixidos, entre outros, por David Afkham, Pablo Heras Casado, Gabriel Garrido, Giovanni Antonini, Enrico Onofri, Ottavio Dantone, Francesco Corti, Stefano Montanari, Rinaldo Alessandrini, Fabio Biondi, Erich Höbarth, Sir Neville Marriner, Ivor Bolton, Josep Pons, Paul Daniel, Francesc Prat, Leonardo García Alarcón, Eduardo López Banzo, Martin Gester... En escena traballou xunto a Xavier Alberti, La Fura dels Baus, Els Comediants, Francisco Negrín, Robert Carsen, Kasper Holten, Lluís Pasqual, Lluïsa Cunillé, Rita Cosentino, Luís de Tavira, Juliette Deschamps e Alfred Kirchner.


Da súa actividade discográfica cabe destacar *Gli amori d'Apollo* e *di Dafne de Cavalli* dirixida por Gabriel

Garrido; *De cuando en vez la vida e Peter Phillips, un inglés en la Flandes española* con Cappella Mediterranea (Leonardo García Alarcón); *Juditha Triumphans* de Vivaldi dirixida por Ottavio Dantone e as zarzuelas barrocas *La fontana del placer* de J. Castel, *Clementina* de L. Boccherini e *l'isola disabitata* de G. Bonno dirixidas por Pablo Heras Casado (os tres para Harmonía Mundi); o DVD *Jeanne d'Arc au Bucher de Honegger* xunto a Marion Cotillard para Medici; tres CDs coa Orquestra Barroca de Sevilla baixo a dirección de Enrico Onofri e Vanni Moretto, así como numerosas gravacións para RNE, BBC Radio, Radio France e ORF. Ademais rexistrou obras dos compositores cataláns contemporáneos Joan Guinjoan, Joan Magrané, Raquel García Tomás e Agustí Charles.

Entre os seus compromisos recentes destacan concertos con Cappella Mediterranea en Francia, o rol titular en *L'emperadriù do parallel* no TNC, o espectáculo *La Caramba* con Forma Antiqva en Santander e Dubai, a estrea absoluta de *Andròmeda encadeada* de Agustí Charles no Palau de Barcelona con enorme éxito de crítica, a 9ª de Beethoven no Palacio Esterházy en Eisenstadt baixo a

dirección de E. Onofri e un programa dobre coa RFG da *La Serva Padrona* e a estrea absoluta da *Sombra de Cristal* de Fernando Buide. Entre os próximos, novas colaboracións coa OBC nunha estrea absoluta de Joan Magrané; no escenario operístico de novo *Andròmeda* en Darmstadt, o rol de Fiordiligi en *Così fan tutte* no Teatro Calderón de Valladolid, o de Die Tochter en *Cardillac de Hindemith* na Ópera de Oviedo e dous roles protagonistas no Teatro da Zarzuela: A Muller na estrea absoluta de *Policías e ladróns* de Tomás Marco e Lucrecia na recuperación de *Donde no hay violencia no hay culpa* de José de Nebra.

O seu obxectivo artístico é o de ofrecer interpretacións axustadas e fieis en calquera repertorio e estilo vocal desde o nacemento da música ata os nosos días, respectando sempre o compositor, o seu tempo, estilo e técnica.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


O máis influente dos representantes do eclecticismo moderno inglés de mediados de século foi Benjamín Britten. A súa creación, inspirada en Henry Purcell e na utilización de formas e linguaxes adquiridas da tradición, non se inscribe na estética neoclásica europeísta da época senón que depende da capacidade de aproveitar as oportunidades que a linguaxe musical ofrece. O compositor inglés ten unha visión poética do mundo similar á do romántico Schumann na que os ritmos internos das palabras e os valores semánticos quedan citados sutilmente na música, que expresa o sentido interno e psicolóxico do argumento. En opinión de moitas das persoas estudosas da obra de Britten, os seus máis fondos conflitos persoais filtranse na singular obra para voz e orquestra *Les Illuminations* op.18, exquisitas miniaturas nas que rende homenaxe aos sons e cores da música. A música desenvólvese coa idea de accesibilidade, foxe do concepto de ocultación que envolvía as vangardas atonais do século XX e procura un resultado que poda satisfacer a profesionais e

afeccionados á vez que a si mesmo. A partitura de *Les Illuminations* foi concibida durante a súa estancia nos Estados Unidos e completada en outubro de 1939. Durante esta etapa, chamada 'época escura' a música de Britten reflicte a confusión emocional na que se atopa inmerso tralo seu voluntario exilio americano, fuxindo do crecente fascismo que ameazaba Europa. Resulta neste sentido moi significativa a elección dos textos de Rimbaud, o máis rebelde dos 'poetas malditos' cuxa linguaxe simbolista é levada ao extremo. *Les Illuminations* é unha colección de poemas en prosa, inconexos, que describen visións, suxestións, ata pequenos desvaríos. Sobre este texto cargado de símbolos que desafía, sen dúbida, a fácil comprensión, o compositor desprega toda a súa orquestración efectista. A harmonía céntrase nas tríadas maiores de si e mi, dando como resultado esa sensación de hilaridade e confusión que se presenta desde a *Fanfare* do comezo. Outro xesto irónico atópase ao final de *Phrase*, cando a voz alcanza o si agudo en *et je dance*, a modo de exclamación. Nun xogo

alegre e desvergonzado, Britten dedícalle esta controvertida parte a Scherchen, músico especialista en compositores do século XX. A relación de case corenta anos do compositor co tenor Peter Pears deu como resultado algunhas das pezas vocais máis extraordinarias e importantes do século pasado e, foi a el a quen lle dedicou o sublime e suxerinte movemento *Being beautiful* constituíndo así unha pública declaración de amor. A crítica á sociedade de falsa moral faise manifesta na selección de versos como *Parade* ou *Royauté* pero todo o texto de Rimbaud, simbólico en si mesmo, atopa deste xeito outra dimensión outorgada polo propio autor, acusado nesta obra de atopar solucións musicais a problemas persoais. A música acompaña en todo momento aos versos, en ocasións dun modo case descritivo como en *Marine* ou mesmo, no citado *Being beautiful* (“asubíos de morte e círculos de música xorda”).

Gustav Mahler era o segundo dos fillos dunha familia numerosa xudía sen tradición musical e viu falecer

a seis dos seus irmáns, o que deixa una fonda pegada no seu feble ánimo e engade un desacougo vital ao seu sentimento apátrida tal e como escribiu “...como bohemio en Austria, como austríaco en Alemaña e como hebreo no mundo”. Preto dos vinte anos, tras estudar con Bruckner, foi proposto para a dirección en Bad Hall (Austria) e desde ese momento, chegaron ofertas de Praga, Leipzig, Budapest ou Hamburgo, ata que en 1897 (ano da súa conversión ao catolicismo) foi nomeado director da Ópera de Viena. Cando comezou a traballar na *Cuarto Sinfonía* en 1899, Mahler xa levaba dous anos ocupando ese posto que tanto desexara, redescubriu Viena como a súa cidade adoptiva e foi admirado por convertela en centro referente musical de Europa. Desde esa perspectiva, parece recoñecible a pegada que a capital austríaca deixou nesta sinfonía co seu lirismo pastoril e o seu desenfado; unha peza case completamente optimista e leda pero non esa ledicia feroz e triunfante que pecha a *Segunda Sinfonía*, nin a exaltación



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA


TEMPORADA DE ABONO 2022-23

que remata a *Terceira*. Esta está impregnada dunha alegría sinxela e infantil que acada a súa expresión máis pura na canción do cuarto movemento. Faise necesario lembrar que nesta *Cuarta Sinfonía*, como na *Segunda* e na *Terceira*, a voz humana está integrada no tecido orquestral; música vocal que desaparecerá nas seguintes obras sinfónicas. Nestas sinfonías, coñecidas como *Sinfonías Wunderhorn*, Mahler traballa sobre máis de vinte composicións que fixo sobre *Des Knaben Wunderhorn* (*O corno máxico da xuventude*) unha recompilación de poemas populares alemáns realizada polos poetas Achim von Arnim e Clemens Brentano no inicio do século XIX. Estes textos cheos de referencias ao amor, á natureza, á infancia, á xuventude, ao humor, á piedade, á ledicia, etc, parecen recoller todo o que conmovía a Mahler, véndoos como símbolos de eventos da súa propia vida e neles, está a orixe desta *Sinfonía núm. 4* pois os seus tres primeiros movementos foron escritos entre 1899 e 1900 para completar unha versión orquestral, de 1892, do poema *Das*

himmlische Leben (*A vida celestial*). Orixinalmente era unha canción para soprano e orquestra que, en 1896, incluiu como sétimo movemento da *Sinfonía núm. 3*, abandonou a idea e levouno ao final da *Cuarta* e segundo o propio compositor os tres primeiros movementos serven como preparación para esta canción. O movemento de abertura, en forma de sonata tradicional complexa, presenta unha asombrosa claridade na orquestración nunha cadea de boas melodías a través de dúas ideas principais, unha máis melodiosa introducida polas cordas e outra máis sonora e fluída, liderada polos violonchelos. Unha sombra cénese sobre o segundo movemento, unha especie de *scherzo* a ritmo de *länderler*, co violín afinado máis alto para “evocar o son dun violín de rúa interpretando unha horrorosa danza da morte” segundo o compositor. Co terceiro movemento chega a esencia da música de Mahler, serena, seria e fonda, e el mesmo sinalaba que este movemento “ri e chora ao mesmo tempo”, xa que ao tema de abertura, inmóbil e meditativo co seu *passacaglia*, ségueno un segundo

2023

tema de carácter abertamente angustiado e dous grupos distintos de variacións sobre o tema principal. A coda anuncia o motivo principal do movemento final, a súa repentina modulación desencadea o único *tutti* xenuinamente forte da sinfonía e abre as portas de, quizais, o único paraíso accesible aos vivos: a inxenuidade da infancia e a música popular. Mahler, no último movemento, confía a visión á soprano a quen lle pide “unha expresión alegre e infantil desprovista de actuación”; unha fermosa e sinxela composición, rica en invención melódica cuxa luminosa e radiante coda convence de que a música terreal non pode compararse ás esferas edénicas, un final que podería amosar que persoas como Mahler, que aceptan de bo grao frustracións, desamores, dúbidas e traxedias da condición humana, poden gozar nun plano celestial.



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 16 febreiro 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

DESDE GALES

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Sian Edwards, directora

Alba Barreiro, arpa

- Edwar Elgar: Introducción e Allegro, op. 47
- Alun Hoddinott: Wesh Dances (Danzas Galesas), Suite nº 1, op.15
- Catrin Finch: Concerto céltico para arpa e cordas
- Amy Beach: Sinfonía núm. 1 en mi menor, op. 32, "Gaélica"

Xoves 2 marzo 2023

CONCERTOS DIDÁCTICOS

Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h

Venres 3 marzo 2023

CONCERTOS DIDÁCTICOS

Auditorio de Galicia, 10:00 h e 12:00 h

Sábado 4 marzo 2023

CONCERTO FAMILIAR

Auditorio de Galicia, 18:30 h

MINI MOZART

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Jan Wiezba, director

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con...

Sian Edwards



C

Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA